

ANEXO III Referencia convocatoria:2025/CP/271

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: PID2024-158324OB-I00			
Título: Diseño óptimo de equipos militares basado en dinámica de sistemas multicuerpo flexibles con cargas de impacto.			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Dinámica de sistemas multicorpo			
PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/09/2025 FIN: 31/08/2029			
CENTRO Inv. Principal: EPEF			
OBJECTO DO CONTRATO: Desenvolvemento, implementación e validación experimental de métodos de optimización, con análise de sensibilidade, de sistemas multicorpo flexibles sometidos a impacto severo. Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: Talleres Tecnolóxicos, Laboratorio de Enxeñería Mecánica, 9:00-14:00 e 15:00-17:00			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI))			
Investigador/a contratado/a doutor/a ☒		Axudante de apoio á investigación ☐	
Xestor/a de investigación ☐ MECES Elegir		Técnico/a administrativo/a e de xestión ☐	
Colaborador/a de investigación ☐ MECES Elegir		Axudante administrativo/a ☐	
Técnico/a de apoio á investigación ☐ MECES Elegir			
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/03/2026
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☒		Duración determinada ☐	
		DATA FIN CONTRATO:	
RETRIBUCIÓN BRUTAS: 2416,67 €*			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 05C2251232 541A 64902			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Doutor
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): Daniel Dopico Dopico, Javier Cuadrado Aranda (Secretario), María Paz Mateo Orenes (Vocal). SUPLENTES: Miguel Ángel Naya Villaverde (Presidente), Alberto Luaces Fernández (Secretario), Anne Gosset (Vocal).
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.
- Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
- Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	UvkvJG6rwoGm1x09+tKuKg==	Estado	Asinado	Data e hora	11/12/2025 18:51:07
Asinado Por	Daniel Dopico Dopico	Páxina	1/4		
Observacións					
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/UvkvJG6rwoGm1x09%2BtKuKg%3D%3D				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXP), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXP (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, 11 de decembro de 2025

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Daniel Dopico Dopico

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	UvkvJG6rwoGm1x09+tKuKg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Daniel Dopico Dopico	Asinado	11/12/2025 18:51:07
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/UvkvJG6rwoGm1x09%2BtKuKg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Descríbense a continuación os requisitos que deberá cumprir a persoa contratada:

REQUISITOS XERAIS:

1. Todo solicitante deberá cumprir cos seguintes requisitos no prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante a vixencia do contrato:

- Ter a nacionalidade española ou calquera outra á que as normas do Estado atribúan iguais dereitos para os efectos laborais na Administración Pública.
- Dispoñer da titulación esixida e cumprir os demais requisitos sinalados na convocatoria.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas descritas na memoria.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o emprego ou cargo público por orde xudicial, para acceder a corpo ou escala de funcionario público ou para desempeñar funcións análogas ás que desempeñaba, nas que dita persoa houber sido separada ou inhabilitada.

No caso de ser nacional doutro Estado, requirirase que o solicitante non se atope inhabilitado ou en situación equivalente, nin fose obxecto de sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

2. A contratación de estranxeiros de países non comunitarios, que se formalizará co único fin de realizar tarefas de investigación ou técnicas, requirirá a presentación, no momento da firma do contrato, da autorización de residencia e traballo por conta allea ou acreditación da concorrencia de causa de excepción da devandita autorización, de conformidade coa Lei Orgánica 4/2000 do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, e a súa integración social e disposicións regulamentarias de aplicación.

TAREFAS A REALIZAR:

As tarefas que se van realizar consistirán no desenvolvemento de métodos de optimización baseados en análise de sensibilidade, de sistemas multicorpo flexibles sometidos a impactos severos.

As citadas tarefas inclúen:

- O desenvolvemento teórico das ecuacións de sensibilidade de formulacións dinámicas multicorpo flexibles.
- A súa implementación nun código xeral de dinámica de sistemas multicorpo flexibles.
- A validación experimental das formulacións con experimentos reais en sistemas sometidos a impacto severo.

REQUISITOS:

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.
- Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
- Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	UvkvJG6rwoGm1x09+tKuKg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Daniel Dopico Dopico	Asinado	11/12/2025 18:51:07
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/UvkvJG6rwoGm1x09%2BtKuKg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Titulación requirida: a indicada no anexo III de Convocatoria de Contratación.
- Experiencia demostrable en tarefas relacionadas coa dinámica de sistemas multicorpo.
- Os candidatos deberán ter dispoñibilidade para viaxar para asistir a congresos, reunións, eventos e xornadas de traballo así como toma de datos de experimentos realizados noutras instalacións.

CRITERIOS DE VALORACIÓN:

- A. Titulación: doutoramento no ámbito da Enxeñaría Mecánica. Máximo 2 puntos, segundo a cualificación do traballo: 1,5 puntos por sobresáinte cum laude, 1 punto por cualificación inferior. Concederanse 0,5 puntos adicionais por mención de doutoramento internacional ou industrial.
- B. Experiencia en dinámica de sistemas multicorpo. Máximo 7 puntos, que se alcanzarán a ritmo dun punto por ano de experiencia. Esta experiencia acreditarase mediante a participación en proxectos e a autoría de publicacións. Non se terán en conta artigos e proxectos doutras temáticas.
- C. Coñecemento de programación en Fortran (estándar 2008 en diante) e C++. Máximo 2 puntos por coñecemento de Fortran e 1 punto por coñecemento de C++, que se alcanzarán por seis anos de experiencia.
- D. Coñecemento de técnicas experimentais para medición de impactos. Máximo 1 punto, que se alcanzará por tres anos de experiencia.
- E. Coñecemento de inglés. Máximo 1 punto, segundo o nivel acreditado: B2 ou superior: 1 punto, B1: 0,5 puntos.

Notas:

- Os currículos vitae deben presentarse seguindo os mesmos epígrafes dos criterios de valoración.
- Indicar no curriculum vitae as tarefas realizadas en cada un dos postos desempeñados.
- Non se terán en conta os méritos non xustificade debidamente, podéndose solicitar aos candidatos documentación xustificativa adicional á presentada na solicitude.
- Cos candidatos admitidos, non seleccionados, que alcancen ou superen os 8 puntos, elaborárase unha lista de espera.

En Ferrol, ao 11 de decembro de 2025.

O Investigador Principal

Asdo.: Daniel Dopico Dopico.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	UvkvJG6rwoGm1x09+tKuKg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Daniel Dopico Dopico	Asinado	11/12/2025 18:51:07
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/UvkvJG6rwoGm1x09%2BtKuKg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

